

outubro

## Curso de Monitor de Tempo Libre

O **luns 28 de setembro** tivo lugar en Fonteboa a presentación do curso de Monitor de tempo libre, froito dun acordo entre o Centro de Promoción Rural – EFA Fonteboa e Scolé. Son 200 horas de formación (100 presencial e 100 online) e 150 horas de prácticas. A formación teórica remata en marzo de 2021 e as prácticas realizaranse nos 4 meses posteriores. O curso impártese os luns e os xoves a partir das 19,00 h. É unha proposta de formación para os alumnos de FP á que se poden sumar persoas da zona interesadas en acadar esta cualificación. Pódese formalizar a inscrición en [fonteboa@efagalicia.org](mailto:fonteboa@efagalicia.org) ou en 981 733 051.

outubro

## Curso sobre prevención aos ataques do lobo á gandería

Integrado no Plan de Formación para o Agro Galego 2020 (Consellería de Medio Rural), durante os días 14, 15 e 16 de outubro desenvolverase o curso “Convivencia e prevención de ataques do lobo á gandería”, en horario de mañá e tarde. As persoas interesadas en participar poden formalizar a inscrición en [fonteboa@efagalicia.org](mailto:fonteboa@efagalicia.org) ou no 981 733 051

outubro

## Accreditación en benestar animal

Coa colaboración da Consellería de Medio Rural, do venres 16 ao venres 23 de Outubro realizaremos un curso para validar a formación nesta materia para persoal de granxas, matadoiros e centros de concentración así como para o transporte de animais vivos. O curso desenvolverase en horario de mañá e as persoas interesadas poden contactar co Centro (981 733 051) ou [fonteboa@efagalicia.org](mailto:fonteboa@efagalicia.org)

outubro

## Curso de horta ecolóxica e conservas vexetais

Interrompido no mes de marzo, a partir do **xoves 22 de outubro**, en horario de 16,00 a 19,00 h, reiniciase o curso de horta ecolóxica, organizado coa colaboración da Fundación Juana de Vega. Instalación de semilleiros, control de pragas e enfermidades, asociación de cultivos tanto no invernadoiro como ao aire libre son os temas que se están estudando e experimentando. Tamén se abordarán contidos de plantas medicinais e aromáticas, así como prácticas de conservas vexetais.

outubro

## Actividades de micoloxía

A derradeira semana de outubro estará adicada a micoloxía. Os alumnos de ESO e de CFGM de Producción Agropecuaria poderán iniciarse no mundo dos cogomelos. Habrá explicacións teóricas e roteiros de identificación e recollida.

O **venres 30** e o **sábado 31** haberá relatorios e roteiros para identificar os cogomelos e coñecer iniciativas de produción e aproveitamento dos fungos.

outubro - decembro

## CICAPIS (Centro de Investigación, Capacitación e Promoción Apícola)

Para o presente curso son variadas as actividades que se van a desenvolver desde o Cicapis (Centro de Investigación e promoción da apicultura), co obxectivo de proporcionar e a apicultura na zona. Neste trimestre as propostas son as seguintes:

- A partir do 28 de outubro desenvolverase a III edición do “Programa integral de formación en apicultura” que terá lugar os mércores de 19 a 21,00 h. O programa está estruturado en 3 módulos: Módulo I (Introdución á apicultura e produtos da colmea), Módulo II (Invernada, Mantemento e preparación das colmeas) Módulo III (Reprodución do apiario e outros produtos da colmea). As inscricións poden ser por módulos ou polo programa completo.

- A Cata de mel está programada para o mércores 25 de novembro

- E para o mércores 16 de decembro previsto o Obradoiro de elaboración de hidromel

novembro

## Curso de aplicador de Produtos fitosanitarios (Nivel cualificado)

Do **luns 2 ao venres 13 de novembro** impartirase o curso de aplicador de fitosanitarios de nivel cualificado, homologado pola Consellería de Medio Rural. Serán 50 horas de formación, en horario de mañá. Vai dirixido a profesionais do sector agrario, empresas de xardinería e de servizos agrarios e comerciais. As persoas interesadas en participar poden formalizar a inscrición en [fonteboa@efagalicia.org](mailto:fonteboa@efagalicia.org) ou en 981 733 051

novembro

## Semana da Solidariedade (23 ao 28 de novembro)

Xa é unha tradición adicar a derradeira semana de novembro á solidariedade. Cos alumnos de ESO e de FP desenvolveranse actividades sobre concienciación solidaria para dar resposta ás necesidades sociais. Participarán responsables de institucións que presentarán as respectivas liñas de traballo.

En edicións anteriores o Xantar Solidario – O cocido dos nosos lares constituía unha xornada de convivencia e unha oportunidade para colaborar economicamente en proxectos solidarios con AIMFR (Association International de Mouvements de Formation Rurale), Cáritas, Cruz Vermella, etc, pero neste ano queda en suspenso. Sen embargo consideramos que debemos manter a colaboración con este tipo de entidades e se comunicará a maneira de proceder e as accións a levar a cabo

decembro

## Xornada de Xestión de Vacún de leite

Planificada para o **mércores 16 de decembro**. O tema desta edición é “Exixencias para a sostibilidade da produción láctea no horizonte 2030”. Como en edicións anteriores, o formato integrará exposicións sobre o tema da xornada e análise de casos concretos, a través de visitas e testemuñas.